

BDRA

gráfica



ORGANIZA



Concello
de Pontevedra
Servizo
de Infraestruturas
Culturais

COLABORA



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



MUSEO
PONTEVEDRA

FESTIVAL DE BANDA DISEÑADA DE PONTEVEDRA
17, 18 E 19 DE MARZO 2023 - TEATRO PRINCIPAL E MUSEO DE PONTEVEDRA



Ilustración cartel: Ana Miralles

BDra GRÁFICA

O Concello de Pontevedra coa colaboración do Museo de Pontevedra presenta **BDra GRÁFICA**, un festival de banda deseñada que vén pechar un ciclo natural que faltaba por cristalizar en Pontevedra. A cidade ten unha das librarías especializadas en cómic máis lonxeva do país, a Librería Paz, e acolle a única escola profesional de Banda Deseñada de Galiza, O Garaxe Hermético. Tamén contamos con editoras que acadaron grandes premios —como o Nacional de BD ou os do Salón do Cómic de Barcelona— e nela naceron revistas como *BD Banda* ou *A Viñeta de Schrödinger* e ademais conta cun gran número de creadores e creadoras de banda deseñada.

Por iso, o seguinte paso era ter un festival de BD, para dar a coñecer a 9ª arte e os seus creadores e creadoras, gozar de exposicións de orixinais, de obradoiros, de conferencias, de mercar cómics e materiais de debuxo, e tamén acoller unhas xornadas profesionais para axudar ao sector da BD galega a fornecerse e conseguir entre todos achegar ao gran público todo o potencial que ten a arte de contar historias con imaxes. Por iso escollemos esta data o 17 de marzo de 2023 para esta primeira edición: celébrase por primeira vez no Estado o Día do Cómic con carácter oficial, conmemorando así o nacemento da histórica revista *TBO*, que acabou dándolle nome á banda deseñada en castelán, un caso único no mundo.

Viva a banda deseñada!, viva a BD!, viva o manga!, viva a novela gráfica!, viva o fumetto!, viva o cómic!... Chámao como queiras pero LEO!

PARTICIPARÁN



ANA MIRALLES



MIGUELANXO PRADO



XABIER DOMÍNGUEZ



JORGE CAMPOS



ANÉMONA DE RÍO



ANABEL COLAZO



PABLO PRADO



MIGUEL ROJO



ANTONIO ALTARRIBA



LAURA PÉREZ



ALICIA JARABA



PAULA CHESHIRE



ADRIÁN MORGADE



JOSÉ ÁNGEL ARES



VÍCTOR PINEL



ALBA DE EVAN



ÁNXEL CARRAMAL



EMILIO RUIZ ZAVALA



FON

CHARLAS E PRESENTACIÓNS

TEATRO PRINCIPAL

11.00 a 14.00 h - 17.00 h a 21.00 h



VENRES, 17 DE MARZO

11.00 h INAUGURACIÓN

11.00-12.30 h OBRADOIRO

CREACIÓN DE CELS DE ANIMACIÓN DE DRAGON BALL
O Garaxe Hermético

12.30-13.30 h OBRADOIRO

BANDA DESEÑADA. JORGE CAMPOS

17.00 h CHARLA

ALICIA JARABA & VÍCTOR PINEL (Ed. Nuevo Nueve)
Acompañados polo seu editor RICARDO ESTEBAN



18.15 h CHARLA

ANA MIRALLES & EMILIO RUIZ ZAVALA

Acompañado por RAFA TENORIO (Club de lectura de cómic da Librería Paz)



19.30 h CHARLA

LAURA PÉREZ (Ed. Astiberri)

Acompañada por MARTA CARRIL (Club de lectura de cómic da Librería Paz)



SÁBADO, 18 DE MARZO

11.30 h PRESENTACIÓNS

XIFUN de ADRIÁN MORGADE (Ed. Xerais)

12.30 h PRESENTACIÓNS

MIQUITS

Texto: ALBA DE EVAN e XABIER DOMÍNGUEZ
Ilustracións: PAULA CHESHIRE (Antela Editora)



17.00 h CHARLA

JOSÉ ÁNGEL ARES & ANABEL COLAZO (Ed. La Cúpula)
Acompañados polos seus editores
EMILIO BERNÁRDEZ & NATALIA MOSQUERA



18.30 h CHARLA

ANTONIO ALTARRIBA

Acompañado por KIKO DA SILVA



DOMINGO, 19 DE MARZO

11.00 h

PREMIOS «O GARAXE HERMÉTICO» DE BANDA DESEÑADA de Xerais ANÉMONA DE RÍO, MIGUEL ROJO e PABLO PRADO, FON e ÁNHEL CARRAMAL acompañados polo director do GARAXE HERMÉTICO, KIKO DA SILVA



12.15 h CHARLA

MIGUELANXO PRADO

Acompañado polo seu editor en galego KIKO DA SILVA



14.00 h FIN DAS XORNADAS

XORNADAS PROFESIONAIS*

MUSEO DE PONTEVEDRA



VENRES, 17 DE MARZO

12.00 h “De profesión autores de cómic”

ANA MIRALLES

MIGUELANXO PRADO

JOSÉ ÁNGEL ARES

ANABEL COLAZO

ALICIA JARABA

KIKO DA SILVA

Modera: MIGUEL PORTO (O Garaxe Hermético)

SÁBADO, 18 DE MARZO

11.00 h “Editar cómic en España”

RICARDO ESTEBAN (Ed. Nuevo Nueve)

EMILIO BERNÁRDEZ & NATALIA MOSQUERA (Ed. La Cúpula)

TONI KUDO (Ed. Letra Blanka)

12.30 h “Editar cómic en Galicia”

FRAN ALONSO (Ed. Xerais)

MARCOS CALVEIRO (Ed. Galaxia)

Modera: KIKO DA SILVA (Retranca Editora)

13.30 h Revisión de portafolios profesionais de BD

*As xornadas profesionais teñen límite de capacidade. Reserva a túa praza en: bdgrafica@gmail.com

EXPOSICIÓNS

MUSEO DE PONTEVEDRA



ANA MIRALLES, A SEDUCCIÓN DO GRAFITO

Ana Miralles (Madrid, 1959) é unha das autoras españolas de BD de maior proxección internacional, que se iniciou no cómic *underground* e prosperou no erotismo, consagrándose definitivamente no mercado francés con obras de corte fantástico como *Eva Medusa* e especialmente coa serie *Djinn*. Xunto a Emilio Ruiz publica en Astiberri o libro infantil *Wáluk*, unha fábula ecoloxista e *Muraqqa*. Na actualidade preparan unha BD

titulada *Ava*, un relato ficcionado das 48 horas que pasou a estrela de cine en Río de Xaneiro, en 1954.

Esta exposición é un percorrido pola súa traxectoria e unha mostra do seu peculiar e artesanal proceso creativo. Nela podemos ver os primeiros bosqueños, as composicións de páxina, os debuxos preliminares e estudos de vestuario e *attrezzo*, así coma as tintas e artes finais coloreadas dun xeito moi coidadoso con acuarelas.

Unha ocasión única de ver en directo a unha autora de BD que pulveriza récords coa venda de orixinais nas poxas de Christie's París (en colaboración coa galería Daniel Maghen).



ONDA VITAL: CELS DA SERIE DRAGON BALL

Dragon Ball, o manga e anime creado por Akira Toriyama en 1984, é sen dúbida unha das series máis influentes para varias xeracións de creadores de cómic e animadores. O manga tivo 519 capítulos impresos recompilados en 42 volumes tankōbon. Dous anos despois do seu lanzamento, Toei Animation estreou unha adaptación anime. Na Galiza foi ademais un

dos maiores éxitos do mítico programa da TVG o Xabarán Club, emitindo todos os capítulos do anime por primeira vez en todo o estado o 8 de febreiro de 1990 baixo o nome *As Bólas Mágicas*. Moitos consideran a emisión en galego deste anime como un dos maiores logros da normalización lingüística que houbo no noso país.

Esta exposición foi cedida polo coleccionista galego Felipe Santiago Montero. Mostra un cento de CELS (filminas de plástico coloreadas a man con augada) que realizaron en Toei Animation para as distintas series de Dragon Ball. Pódense ver CELS rematados cos personaxes e os fondos. Tamén os debuxos preparatorios coas indicacións para os coloristas e estudos de personaxes para os animadores. A mostra complétase con primeiras edicións en xaponés e español dos mangas, edicións en Láser Disc do anime e esculturas de poliuretano e resina policromada dos protagonistas da serie.

TEATRO PRINCIPAL



PREMIOS DE BD "O GARAXE HERMÉTICO" - EDICIÓNS XERAIS

No ano 2019 a Editorial Xerais e a escola O Garaxe Hermético puxeron en marcha o «Premio de Banda Deseñada O Garaxe Hermético» coa intención de dar unha oportunidade a novos valores e de ofrecer lecturas atractivas para a mocidade.

No 2020 chegaría a primeira obra galardoada: *A proba de auga* de Anémona de Río, unha achega ao mundo da ciencia vivida grazas á aventura dunha pinga de auga.

No 2021 resultaría galardoada a obra *Nereia e o príncipe da sorte*, unha trepidante historia para os máis cativos

que fala da responsabilidade e as consecuencias das travesuras escrita por Miguel Rojo e debuxada por Pablo Prado.

Cósmico, o bombeiro galáctico de Fon gañou na terceira edición cunha divertidísima fábula que fala da ambición, da competición e tamén da importancia de loitar contra o lume.

Por último, xa en 2023, *O caderno de Rama* de Anxel con X adéntrase no mundo da guerra coa maxia dos contos clásicos mesturada coa fantasía actual.



PEIC, PLATAFORMA DE EDITORES INDEPENDIENTES DE CÓMIC

A pandemia puxo contra as cordas o sector editorial de cómic. Pero ante a adversidade as pequenas editoriais de BD do país optamos por xuntar forzas e crear a PEIC, a plataforma de Editores

Independentes de Cómic. Actualmente somos 16 editoras que publicamos 190 títulos ao ano e contamos con 230 autores nos nosos catálogos. O noso obxectivo é planear actuacións conxuntas e fortalecer toda a cadea de valor do sector do cómic.

Esta expo é unha mostra do catálogo das editoras de PEIC. #SomosComicSomosCultura.

POSTOS DE VENDA

TEATRO PRINCIPAL. 3º andar

Venres e sábado 11 a 14 h - 17 a 21 h | Domingo 11 - 14 h

Editoriais

LA CÚPULA
NUEVO NUEVE
LETRA BLANKA
GP EDICIONES
ANTELA EDITORA
RETRANCA EDITORA

Librerías

LIBRARÍA PAZ
LIBRERÍA SEIJAS
ESPAZO LECTOR NOBEL

Materiais de debuxo

TORRADO BELAS ARTES



AGRADECIMENTOS

Estas xornadas non serían posibles sen o apoio da Cancellaría de Cultura de Pontevedra e o Museo de Pontevedra. A Carmen, Jorge, Javier, José Manuel, Fátima, Carlos, Vanesa, Iván, Maru, Ana, Fon e Felipe por axudarnos a facer un festival atractivo e comiqueiro.

Ao compromiso do mundo editorial galego e da PEIC (Plataforma de Editores Independentes de Cómic), especialmente ás editoriais La Cúpula, Nuevo Nueve, Letra Blanka, Gp Ediciones e Retranca por vir cun posto ao noso festival, así como á editorial Astiberri. Aos editores de Xerais, Galaxia e Antela, por vir reflexionar sobre as necesidades da BD en galego, e as librerías Paz, Seijas, Nobel e a Torrado Belas Artes por crer dende o primeiro momento no proxecto.

Un agradecemento especial aos mestres do Garaxe Hermético pola axuda para conseguir expos, escribir textos para acompañalas e moderar mesas profesionais e a Cano, da Librería Paz, por estar sempre disposto a embarcarse en tolemias comiqueiras. Tamén a Natalia, de La Cúpula, por todos os consellos e ideas para facer un festival diferente.

Tamén ao Cineclub de Pontevedra, que tentaron buscar filmes para proxectar, mais non puido ser por problemas de espazo. (Terá que ser para o ano).

Tamén aos autores e ás autoras que fixeron un oco nas súas axendas para vir á BDra GRÁFICA nun mes onde hai decenas de festivais. E grazas o sector profesional da BD que non dubidou en vir espallar pola cidade do Lérez a 9ª arte.

E para rematar queremos agradecer a todas as persoas que desinteresadamente colaboran, dende a afección e a paixón a este medio, para acompañar, entrevistar e facer que haxa unha finde con BD de primeira na nosa cidade.

Viva a BD e vivan os libros!!!

BDra gráfica

ORGANIZA



Concello
de Pontevedra
Servizo
de Infraestruturas
Culturais

COLABORA



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



MUSEO
PONTEVEDRA